

## VOZ QUE AO SILENCIO VENCE

En 1980 Ricardo Carvalho Calero chegou á xubilación como primeiro catedrático de Lingua Galega e Literatura da Universidade de Santiago de Compostela. Tiña accedido por oposición en 1972, despois de alí dar aulas da mesma materia desde o curso 1964-1965 e de ter compatibilizado durante un tempo este traballo co de profesor de Lingua e Literatura Española no Instituto “Rosalía de Castro” da mesma cidade.

A que ha ser a derradeira década de Carvalho, morto en 1990 case con oitenta anos, continúa a ser tan produtiva culturalmente como o foi a súa vida inteira. Publica aínda numerosos traballos de crítica e investigación lingüística e literaria, colabora asiduamente na prensa periódica con precisas análises sobre a situación do noso idioma e conságrase (despois de anos entregado ao labor docente e á elaboración de obras fundamentais como a *Historia da literatura galega contemporánea* (1963) e a *Gramática elemental del gallego común*, cunha primeira edición en 1966) á súa produción como criador: recompila o teatro e a narrativa; dá ao prelo obras como o romance *Scórpio* e a peza teatral *Os xefes* e entrégase á que sempre foi a súa grande paixón como autor, a poesía. Ademais de *Pretérito imperfecto (1927-1961)*, selección dos poemarios anteriores, recolle en *Futuro condicional (1961-1980)* poemas inéditos ou dados a coñecer en revistas e compón os magníficos *Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985)* e *Reticências... (1986-1989)*.

Tal como acontece co último dos libros que citamos, *Voz e silencio* non chegou a ser revisado por Carvalho, ao ser tamén obra póstuma. Publicado en 1991 e agora reeditado –após revisión e inevitábel actualización formal do autor/entrevistador, tres décadas despois da súa aparición esta fundamental achega ao coñecemento de Carvalho Calero

surxe dunha entrevista que Francisco Salinas Portugal lle realizou en 1989 por encargo da Asociación Socio-Pedagóxica Galega, tal como se indica na “Nota previa”. O que ía ser entrevista breve para a elaboración dun vídeo, veu dar en longa conversa por obra e arte dun entrevistador intelixente e incisivo e dun entrevistado do que sería longo enumerar as cualidades: entusiasmo, rigor, ecuanimidade, erudición viva, elocuencia, modestia, espírito reflexivo...

E tamén ese humor tan carvalliano, ironía e escepticismo con aliño de ampla comprensión das debilidades humanas. Carvalho en estado puro. Ler (ou reler) o que acabou sendo un libro, é case como estarmos a escoitar a Carvalho en persoa.

A primeira edición de *Voz e siléncio (entrevista con Ricardo Carvalho Calero)* en 1991 (Edicións do Cumio) coincide, ano máis ano menos, coa das *Conversas con Carballo Calero* de Carmen Blanco (1988, Galaxia) e coas *Conversas en Compostela con Carballo Calero*, da autoría de Miguel Anxo Fernán-Vello e Francisco Pillado Mayor (1986, Sotelo Blanco). Engadamos ademais o monográfico nº 13 d’*A Nosa Terra (Ricardo Carvalho Calero. A razón da esperanza, 1991)*, que se acompaña co vídeo da entrevista realizada por Salinas Portugal: *Ricardo Carvalho Calero: a posibilidade de rectificar a historia*. Ou aínda os ensaios de Carmen Blanco (*Carballo Calero: política e cultura, 1991*, Ed. do Castro) e Aurora Marco (*Foula e ronsel. Os anos xuvenis de Carvalho Calero (1910-1941)*) (1992, Fundación Caixa Galicia).

Os abundantes estudos, naquel tempo, sobre a obra de creación de Carvalho (xa só no plano poético habería que ter en conta os de Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer, Araceli Herrero Figueroa, Kathleen March, Henrique Rabunhal, Elvira Souto, Paulino Vázquez, quen isto escribe ou, e repetidamente, o autor de *Voz e silencio*); as homenaxes como a convocada en Ferrol pola “Asociación Cultural

Medulio” en 1981 e a celebración de congresos como o “III Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza: Homenagem ao Professor Carvalho Calero” (1990, Vigo-Ourense, AGAL), poderían levar a supor un amplo recoñecemento do labor carvalliano, mais calquer lector avisado sabe que non é así. Aos non avisados, mais minimamente interesados pola lingua e a cultura galegas, o simples feito de resultar tan dificultoso accederen á el halles evidenciar o escandaloso silenciamento.

O Carvalho da década de 80 é o que colabora entusiastamente con asociacións como a AS-PG, “Medulio”, “Alexandre Bóveda”, “O Facho,” a “Asociación de Escritores en Lingua Galega”... Esta noméao socio de honra; é presidente de honra da “Asociación de Profesores de Lingua e Literatura”, á cal pertencen moitos dos seus discípulos; é membro fundador da “Associação Galega da Língua” (AGAL) e membro da “Academia das Ciências” de Lisboa. En troca, rexeita ser membro do “Consello da Cultura Galega”.

En tanto se converte en mestre para organizacións vinculadas ao nacionalismo e ao reintegracionismo, o *holding*, como el o denominaba, teima en marxinalo e en infravalorar o seu traballo de décadas. A candidatura de Carvalho Calero como homenaxeado no “Día das Letras Galegas” é rexeitada unha e outra vez, algo rechamante só con ler o inventario da súa obra ou con lembrar que en 1977 lle tiña sido ofrecida a presidencia da RAG.

Castigo por Carvalho ser un disidente a respecto da normativa oficial deseñada pola RAG e o “Instituto da Lingua Galega” para o noso idioma en 1982? Xamais se considerou el un disidente e mil e unha veces se reivindicou seguidor da Romanística e herdeiro da “Xeración Nós”, para quen o galego é en realidade galego-portugués (como a fala de Andalucía ou a de Colombia son variantes do sistema lingüístico central, o castellano).

O reintegracionismo é, cuidamos, a grande “cortina de fume”. Nunca a escolla dunha norma para un idioma minorizado é inocente ideologicamente, e sobre a utilización dela para manter o galego nunha posición subalterna a respecto do español hai neste libro palabras ben claras e contundentes, mais é que Carvalho, alén diso, era a constatación de que se podía continuar a ser fiel aos ideais daquel nacionalismo de preguerra e renunciar a calquer forma de poder.

As reflexións de Carvalho sobre estas cuestións, así como sobre os límites da autonomía, as diverxencias entre galeguismo político e galeguismo cultural, a lexislación lingüística, a diglosia da nosa sociedade, a necesidade de harmonizar paixón e espírito científico á hora de analisarmos a nosa literatura e outras realizacións culturais, a ausencia dunha tradición teatral na Galiza, a definición do culturalismo en poesía e outras moitas cuestións continúan a ser, tantos anos despois, válidas, precisas e esclarecedoras.

Como admiradora, en fin, do Carvalho Calero criador, *Voz e silencio* é especialmente revelador do que a escrita significaba para el; tamén de como o que confesadamente naceu como catarse pode logo ser enxergado polo propio autor coa lucidez do crítico.

Tantos Carvalhos nun!

Pilar Pallarés  
A Coruña, setembro de 2019

## ÍNDICE

Voz que ao silencio vence (Pilar Pallarés).....	7
Nota previa .....	11
Ricardo Carvalho Calero: o maxisterio da palabra .....	15
Entrevista con D. Ricardo Carvalho Calero .....	35
Apéndice.....	101
Guión radiofónico para a BBC.....	103
Carta de Álvaro Cunqueiro a Ricardo Carvalho Calero .....	107
Bibliografía.....	109